

SÉGUESE A INCUMPRIR O PREVISTO NA LEI REGULADORA DA EUTANASIA

A Lei Orgánica 3/2021 de regulación da eutanasia (LORE), establece no seu articulado (**artigo 18e**) que a Comisión de Garantía e Avaliación (órgano responsable de control da legalidade do acceso á prestación de axuda médica para morrer) "*debe elaborar e facer público un informe anual de avaliación acerca da aplicación da Lei no seu ámbito territorial concreto*". Nese mesmo artigo ordénase que ese informe "*deberá remitirse ao órgano competente en materia de saúde*". Por último, na **disposición adicional terceira** indícase que ese informe remitirase tamén ao Ministerio de Sanidade.

Pronto se cumprirán dous anos da entrada en vigor da Lei, que cómpre recordar que en Galicia alcanzou plena efectividade co prazo legal sobrepasado debido ao atraso da Consellería de Sanidade na constitución da Comisión de Garantía e Avaliación.

Cualificamos daquela ese atraso como resistencia pasiva ao recoñecemento do dereito á eutanasia, denunciámos que estaba ao servizo de intereses políticos partidistas, e xulgámolo como especialmente intolerable cando o que estaba en xogo era a necesidade de persoas concretas de atopar axuda ante unha vida que consideraban insufrible e/ou indigna.

Posteriormente, fomos tendo información de casos concretos que sufriron inadmisibles atrasos no acceso á prestación, asistimos con perplexidade á resistencia á modificación do impreso que proporciona o SERGAS para o rexistro do Testamento Vital-Instrucións Previas (modificado posteriormente segundo o reclamado por esta asociación, a pesar de serlle negada a súa necesidade na resposta á interpelación parlamentaria da oposición sobre este tema), constatamos a escasa e inadecuada formación realizada (tamén obriga da Consellería segundo a LORE) e a practicamente nula información distribuída sobre o novo dereito, e tamén comprobamos a ausencia de actuacións para promover o rexistro das Instrucións Previas (Galicia segue na cola entre as Comunidades Autónomas en taxa de rexistro).

Dous anos de "remoloneo" no cumprimento dunha Lei Orgánica por quen ten como primeira obriga cumprir e facer cumprir a Lei.

Agora é o incumprimento da obriga de presentación pública dos informes anuais de 2021 (seis meses) e 2022 (ano completo). Sen xustificación posible, como así o fai patente o feito da súa publicación por outras Comunidades Autónomas, destacadamente Cataluña que en tempo e forma presentou o que lle correspondía.

O coñecemento público do informe anual é da máxima importancia cando estamos nun proceso de consolidación dun novo dereito (integrado no marco dos dereitos fundamentais), tanto para impedir obstrucións ao mesmo como para mellorar o seu desenvolvemento mediante a identificación de accións e procesos mellorables.

✉ dmdgalicia@derechoamorrir.org

Agora, anticipándonos a unha mera cuantificación de persoas que, nestes case dous anos, accederon en Galicia á axuda médica para morrer, reclamamos que eses informes pendentes teñan a mínima calidade que debe conter un informe de avaliación (orientado á mellora da prestación e facilitador da participación social no seguimento da implantación do dereito), tal como prevé a LORE, reflectindo por tanto información detallada de:

- datos de proceso da prestación: características sociolóxicas das persoas solicitantes, motivos das solicitudes de eutanasia, recoñecementos e denegacións do acceso á prestación e razóns das mesmas, desistencias e revogacións, tempos e prazos transcorridos e correspondencia dos mesmos co previsto na Lei e identificación das causas dos incumprimentos, recursos presentados e causas dos mesmos, forma de aplicación da axuda médica para morrer
- datos sobre a información e apoio á cidadanía no coñecemento do dereito e na importancia e forma de realización do Testamento Vital
- datos sobre a formación (actividades e metodoloxía utilizada) e apoio a profesionais sanitarios/as e información dos recursos postos á súa disposición para desenvolver a nova prestación (profesionais referentes, previsións de dispoñibilidade de tempo, acceso a asesoría)
- datos de instrumentos de xestión: sistemas de rexistro, guías técnicas, sistemas de seguridade no seguimento de solicitudes, rexistro de obxectores/as de conciencia

Na Lei Orgánica reguladora da Eutanasia ningún artigo é de menor importancia. Non se implanta eficazmente un novo dereito individual dun día para outro, e menos aínda cando este naceu coa oposición de grupos de interese poderosos que aínda persisten no entorpecemento á súa materialización.

Unha Administración Pública non pode incumplir a Lei, nin resistirse á mesma.

Dense a coñecer xa os informes non publicados dos anos 2021 e 2022.

En Santiago a 19 de abril de 2023

✉ dmdgalicia@derechoamorrir.org